

# Cooperando somos máis creativos e creativas

## Láminas 5 e 6

A creatividade é un caso claro no que a suma de persoas se converte en multiplicación de ideas. Cando nos pomos a idear en grupo, as ocorrencias dunha persoa son un estímulo para novas ocorrencias das outras, e así sucesivamente, no que se vén chamando un auténtico “remuíño de ideas”.

### **Obxectivos**

Potenciar a creatividade dos grupos.

Experimentar o efecto multiplicador e orixinal das ideas, cando as xeramos en equipo.

### **Proposta de dinámica: debuxo cooperativo**

Consiste en compor un debuxo entre un grupo de nenas e nenos, sen que se poidan pór de acordo verbalmente sobre o que queren debuxar.

- *Materiais*: un encerado, xiz e espazo libre diante do encerado; un cronómetro.
- *Desenvolvemento*: divídese a clase en dous grupos que se sitúan en cadansúa fileira a unha distancia de dous metros do encerado. Nesa distancia márcase, no chan, o lugar de saída para cada grupo. Tamén se marca, no encerado, o espazo no que cada grupo vai facer o seu debuxo (enmarcádo). O neno ou a nena que estea diante na fileira (é dicir, no lugar de saída) ten un xiz. Á de tres o primeiro da fila sae e fai un único trazo no encerado, volve rapidamente e pásalle o xiz ao seguinte da fila, que está no punto de saída. Este sae, fai unicamente outro trazo no encerado e pásalle o xiz ao seguinte. Así sucesivamente, sen que os membros do grupo poidan falar e ata que o cronómetro marque tres minutos (poden ser máis minutos se os grupos son moi numerosos).

### **Traballo de reflexión e avaliación**

Gústanos como quedou o debuxo do noso grupo?

Que pensabamos que ía ser?

Como fomos cambiando de ideas?

Que cousas novas se nos ocorreron?

Que relación hai entre o xogo e o que pasa nas láminas?

*Fonte: Vargas, Bustillos e Marfán. “Técnicas participativas para la educación popular” Ed. Popular, Madrid, 1993*



*Varios cativos descubren un carreiro de formigas (Lámina 5)*

Dous cativos e unha cativa descubren un carreiro de formigas que acaba de ser, en parte, aso-  
lagado por un líquido derramado dunha lata vella que alguén tirara por aí. Cada un dos cati-  
vos, preocupados polas formigas e polo seu traballo de recollida de viandas para a súa des-  
pensa subterránea, pensa no que podería facer para restituír o camiño.

Un pensa en utilizar unhas chapas (as tapas das botellas que se abren con abridor) amoreaa-  
das por riba do líquido. Outra pensa en utilizar uns trapos vellos en forma de cordón: colocar  
unha pedra no medio do líquido e, pasando en transversal, construír unha ponte de trapo. Outra  
máis pensa en atravesar uns paus.



*As formigas xa están transitando por esta ponte de Rande (Lámina 6)*

Entre os tres acaban de construír unha ponte colgante ao máis puro estilo da arquitectura moderna: os paus fan de mastros, as chapas son o pavimento da ponte e os trapos suxeitan o corpo das chapas aos mastros. Cunhas follas de árbores fixeron tamén unhas bandeiriñas para os mastros e, para que as formigas non vaian caer, estallle pondo tamén unhas balastradas a cada lado feitas con folliñas encadeadas.

As formigas xa están transitando por esta ponte de Rande improvisada e os nenos séntense realmente fachendosos e contentos coa súa creación de enxeñaría. Están orgullosos tamén de ter uns compañeiros tan creativos. Quen lles ía dicir a eles que conseguirían algo así!